



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Aprobación definitiva do Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Pontedeume

Aprobación definitiva do Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Pontedeume

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de maio de 2013, adoptou, por maioría de votos a favor, o acordo que de seguido se transcribe na súa parte dispositiva:

PRIMEIRO.- Desestimar íntegramente a alegación única presentada polo Comité de Empresa mediante escrito con nº de rexistro de entrada 2431 do 19.04.2013, á aprobación inicial do Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Pontedeume, polas razóns expostas no corpo do presente acordo.

SEGUNDO.- Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar definitivamente o Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Pontedeume, que consta no expediente administrativo e proceder á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Unha vez publicados os ficheiros no Boletín Oficial da Provincia procederáse á súa inscrición na Agencia Española de Protección de Datos, consonte cos modelos formularios electrónicos publicados para o efecto pola Agencia, segundo os artigos 120 e seguintes do Real decreto 1720/2007.

CUARTO.- Os ficheiros incluídos no ámbito da Lei 15/1999 creados antes da aprobación deste regulamento e que son os que a continuación se indican serán cancelados por non adaptarse a lexislación actualmente existente:

Nome do ficheiro	Finalidade
Alistamento	Gestión de alistamentos
Contabilidade	Control persoalizado de debedores e acredores.
Nómina	Gestión retributiva dos empregados
Rentas	Control de debedores. Xestión tributaria e de Recadación.
Padrón de habitantes	Control poboacional

ANEXO

REGULAMENTO DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A Constitución Española, no seu artigo 18, reconece coma un dereito fundamental o dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe e establece que “a lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos”.

Neste senso, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ten por obxecto garantir e protexer no relativo aos datos persoais, liberdades públicas e dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente do seu honor e intimidade persoal e familiar. No artigo 20 de dita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente. Así mesmo, a disposición adicional primeira da devandita Lei ordénalles ás administracións públicas responsables de ficheiros automatizados adecuarse á citada lei orgánica, debendo aprobar a pertinente disposición de regulamento do ficheiro ou adaptar a existente.

Ademais, os artigos 52 ao 54 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, regulan a creación, modificación ou supresión de ficheiros de titularidade pública.

Por outra banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúenlle ao Pleno a elaboración de ordenanzas e regulamentos.

Artigo 1 .- Obxecto e ámbito

O presente regulamento ten por obxecto a creación e regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Pontedeume. Os ficheiros automatizados e non automatizados do Concello de Pontedeume nos que se conteñen e procesan datos de carácter persoal son os que están recollidos neste regulamento.

A regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal determina a finalidade dos ficheiros, as persoas ou colectivos sobre os que se obteñen os datos, o procedemento de recollida de datos, a estrutura básica do ficheiro e a descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos, a cesión dos datos, o órgano responsable dos ficheiros, os servizos ou unidades ante os que se pode exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, e o nivel de medidas de seguridade cos niveis correspondentes a cada un destes ficheiros, en aplicación do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

Artigo 2.-Creación e regulación de ficheiros de datos de carácter persoal.

1. Créanse os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Pontedeume que figuran como anexo I co contido recollido no artigo 20 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e no artigo 54.1 do Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro.

Créanse no Concello de Pontedeume os ficheiros denominados:

- 1.- Padrón municipal de habitantes.
- 2.- Contabilidade
- 3.- Persoal e nóminas
- 4.- Control de presenza
- 5.- Sistema informático de usuarios de servizos sociais (SIUSS).
- 6.- Tesourería e Recadación.
- 7.- Asociacións do Concello de Pontedeume.
- 8.- Rexistro de Animais potencialmente perigosos.
- 9.- Rexistro de entrada e saída de documentación . Portelo Único.
- 10.- Rexistro de parellas de feito.
- 11.- Actividades de ocio, cultura, deportes, formación e outros.
- 12.- Usuarios da escola infantil municipal.
- 13.- Actividades de fomento. Subvencións
- 14.- Datos recollidos nas páxinas web.
- 15.- Policía Local.
- 16.- Urbanismo
- 17.- Usuarios da biblioteca municipal.
- 18.- Rexistro de datos dos expedientes de servizos sociais.
- 19.- Rexistro de actas.
- 20.- Rexistro de intereses
- 21.- Rexistro de contratacións
- 22.- Rexistro de usuarios das actividades do Departamento de Servizos Sociais
- 23.- Axentes de promoción económica
- 24.- Participantes en accións de promoción do emprego

2. Os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Pontedeume rexeranse polas disposicións que se detallan para cada un deles e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

Artigo 3. Ficheiros preexistentes

Os ficheiros incluídos no ámbito da Lei 15/1999 creados antes da aprobación deste regulamento e que son os que a continuación se indican serán cancelados por non adaptarse a lexislación actualmente existente:

Nome do ficheiro	Finalidade
Alistamento	Gestión de alistamentos
Contabilidade	Control persoalizado de debedores e acredores.
Nómina	Gestión retributiva dos empregados
Rentas	Control de debedores. Xestión tributaria e de Recadación.
Padrón de habitantes	Control poboacional

Artigo 4.-Finalidade e uso dos ficheiros.

Os datos de carácter persoal rexistrados nos ficheiros que se indican e dos que o Concello de Pontedeume é o responsable, só poderán utilizarse para os fins expresamente previstos e por persoal debidamente autorizado.

Artigo 5.-Responsabilidade dos ficheiros.

1. A titularidade e responsabilidade dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Pontedeume corresponde ao propio Concello, representado pola persoa que exerza o posto de Alcaldía, sendo igualmente responsable da súa seguridade, debendo adoptar as medidas técnicas, de xestión e organización que sexan necesarias para asegurar a confidencialidade, seguridade e integridade dos datos, así como as conducentes a facer efectivas as garantías e obrigas e dereitos recoñecidos na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro e as súas normas de desenvolvemento.

2. Por outra banda, consideraranse encargados do ficheiro as persoas que leven a cabo, por conta da persoa responsable, o tratamento dos datos recollidos nos mesmos, segundo o establecido no anexo I particularmente para cada ficheiro.

Artigo 6.- Cesión de datos

A cesión de datos a outras Administracións Públicas para o desempeño das súas atribucións ou con fins estatísticos, axustarase ao disposto nos artigos 11.2, 21, Disposición adicional segunda da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, artigos 93 e 94 da Lei xeral tributaria, artigo 16.3 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e con carácter específico ó que se especifica para cada ficheiro.

Asimesmo, os datos incluídos nos ficheiros poderán ser cedidos, con carácter xeral, cando así veña establecido por unha disposición legal ou, no seu caso, por resolución xudicial ou administrativa.

Artigo 7.-Medidas de seguridade.

1. O Concello de Pontedeume implantará as medidas organizativas e técnicas precisas para asegurar a confidencialidade de datos. Con este obxectivo, adoptará as medidas de seguridade que se establecen no Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

2. Así mesmo, o Concello de Pontedeume velará porque os ficheiros se utilicen para as finalidades que motivaron a súa creación e polo persoal debidamente autorizado. Do mesmo xeito, velarase, con carácter xeral, polo respecto dos principios de protección de datos e só poderán ser obxecto de tratamento os datos que sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación coas finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para os que se obtiveron.

Artigo 8.- Deber de información

Os efectos de cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, relativo ó deber de información, as persoas ás que se lles soliciten datos persoais serán informadas previamente de modo expreso, preciso e inequívoco. O modelo a utilizar será o definido no anexo II do presente Regulamento que será de aplicación a todos os documentos oficiais e soportes utilizados polo Concello de Pontedeume a través dos que se realice calquera tratamento de datos de carácter persoal.

Artigo 9.-Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Os dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, poderán exercerse ante o Concello de Pontedeume, no enderezo da súa sede principal, Rúa Real nº 13, C.P 15600, Pontedeume (A Coruña).

Artigo 10.- Acceso a datos por conta de terceiros

As persoas físicas ou xurídicas que realicen prestacións de servizos que requiran o tratamento de datos de carácter persoal derivados da contratación coa entidade local, someteranse ó estipulado na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, artigo 12, co seguinte contido:

- Non se considerará comunicación de datos o acceso dun terceiro ós datos cando sexa necesario para a prestación dun servizo resultante dun contrato coa entidade local.

- Ese tratamento por conta de terceiros deberá regularse en contrato con constancia por escrito ou outros medios que permitan a acreditación da súa celebración ou contido. En todo caso, só serán susceptibles de tratamento os datos derivados directamente da prestación, non podendo aplicarse nin utilizarse con fins distintos ós que figuran no contrato, nin poderán comunicarse para a súa conservación a outras persoas.

- Unha vez cumprida a prestación contractual, os datos de carácter persoal deberán ser devoltos ó responsable do tratamento en calquera dos soportes nos que consten.

- O incumprimento por parte do terceiro do definido neste artigo e, supletoriamente, no artigo mencionado da LOPD 15/1999, suporá responder das infraccións en que incorra.

Disposición final

O presente Regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e así que transcorra o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ANEXO I

CREACIÓN DE FICHEIROS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

1.- FICHEIRO: PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: O padrón municipal é un rexistro administrativo no que figuran inscritos os veciños con residencia habitual no municipio, debendo figurar inscritos segundo o disposto no articulado da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no R.D. 1690/86, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais e as súas modificacións posteriores.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Persoas e unidades familiares que as compoñen, con residencia habitual no Concello de Pontedeume.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Os datos que figuran e cos que se forma o padrón son obtidos por: actuacións de oficio por parte do concello, a instancia dos propios veciños, comunicacións a través do INE, feitas polos organismos da Administración Xeral do Estado competentes por razón de materia (Oficinas, Rexistro Civil, Ministerio do Interior, Ministerio de Educación)

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia, lugar e data de nacemento, sexo, datos do domicilio: parroquia, lugar, número, nacionalidade. Datos académicos: titulación, nivel de estudos. Datos padroais: distrito, sección, número de folla padroal, data de alta, data de baixa, identificador concello, identificador censal, teléfono, profesión.

E.- Cesión de datos que se prevén: Instituto Nacional de Estatística, Tribunais de Xustiza, outras Administracións Públicas para fins estatísticos así como facilitar a comunicación dos distintos órganos de cada Administración Pública cos veciños do Concello.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Servizo de Padrón Municipal.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

2.- FICHEIRO: CONTABILIDADE

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Ter un control económico-financeiro, dos ingresos e gastos do Concello. Xestión contable, fiscal e administrativa dos terceiros do Concello de Pontedeume. Xestión de cobros, pagos e outros relacionados con provedores e clientes.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Aos acreedores e debedores cos que realiza operacións o Concello de Pontedeume.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Para a recollida de datos no ficheiro de contabilidade, establécense dous casos:

Acreedores: A través das propias facturas que achegan ao Concello por diversos medios, correo ordinario, electrónico ou persoalmente.

Debedores: A través das follas de autoliquidación proporcionadas polo concello, a través de solicitudes, a través dos padróns fiscais, etc...

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Os datos que se inclúen neste ficheiro son: CIF, nome e apelidos, razón social, domicilio fiscal, teléfono, código postal, localidade e importe da operación co Concello. Datos das transaccións.

E.- Cesión de datos que se prevén: Ao resto de persoal do Concello que traballa nos Departamentos de Intervención e Tesourería, Facenda pública e Administración tributaria, Tribunal de Contas ou equivalente autonómico, outros órganos da Comunidade Autónoma, Deputación Provincial, Bancos, caixas de aforro e caixas rurais.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Oficinas de Intervención e Tesourería do Concello de Pontedeume.

H.- Medidas de seguridade: nivel medio.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

3.- FICHEIRO: PERSOAL E NÓMINAS

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Xestión de nóminas, seguros sociais, axudas familiares, actividades relacionadas coa xestión dos recursos humanos. Contratos de taballo e liquidacións á Seguridade Social. Expedientes persoais de cargos e empregados públicos. Procesos de selección de persoal.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Ós diferentes empregados públicos do Concello de Pontedeume e cargos electos.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Directamente dos propios traballadores.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome, apelidos, número de afiliación, estado civil, DNI, data de nacemento, domicilio, datos bancarios, titulación, datos económicos, datos familiares.

E.- Cesión de datos que se prevén: Seguridade Social, INEM, AEAT, Tesourería xeral da Seg. Social, compañías aseguradoras e outras Administracións.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamento de Persoal

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

4.- FICHEIRO: CONTROL DE PRESENZA

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: exclusivamente a verificación da identidade dos empregados públicos no control do horario da xornada laboral.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Aos diferentes empregados públicos do Concello de Pontedeume.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Recollida da información biométrica das impresións dactilares de cada empregado público.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome, apelidos, DNI, data de nacemento, domicilio, datos biométricos (huella)

E.- Cesión de datos que se prevén: Non se prevén.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamento de Persoal

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

5.- FICHEIRO: REXISTRO DO SISTEMA INFORMÁTICO DE USUARIOS DE SERVIZOS SOCIAIS (SIUSS).

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Rexistro de usuarios dos servizos sociais municipais para o coñecemento das súas características e perfil, avaliación dos sistemas e facilitar a súa planificación.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas usuarias dos servizos sociais no Concello de Pontedeume.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Declaración dos interesados ou representantes legais mediante formularios e en soporte papel.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel:

1.- Usuarios. Datos identificativos: nome, apelidos, DNI, teléfono, data de nacemento, sexo. Datos domicilio: lugar, parroquia, número. Datos socio - familiares: Minusvalía, ocupación, nivel de estudos. Datos económicos: ingresos recibidos, rendas, subsidios.

2.- Unidade familiar. Datos identificativos: nome, apelidos, DNI, data de nacemento, sexo. Datos domicilio, lugar, parroquia, número, características físicas do domicilio habitual. Datos socio - familiares: minusvalía, ocupación, nivel de estudos, estado civil. Datos económicos: ingresos recibidos, rendas, subsidios.

3.- Intervención: Usuario, valoración demanda, recursos idóneos, recursos aplicados, xestións.

E.- Cesión de datos que se prevén: Xuíces e Tribunais e Consellería competente na materia de servizos sociais para fins estatísticos.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Servizos Sociais.

H.- Medidas de seguridade: nivel alto.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

6.- FICHEIRO: TESOURERÍA E RECADACIÓN.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: A recollida de datos ten por finalidade a formación dos padróns fiscais e documentos cobratorios en aplicación das ordenanzas vixentes do Concello, e a xestión de cobros e pagos. Expedientes relacionados coa xestión tributaria, inspección e recadación de tributos. Reclamacións, recursos, contenciosos. .

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Persoas físicas ou xurídicas, sexan suxeitos pasivos ou responsables, que veñan obrigados a contribuír de acordo co disposto nas ordenanzas.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Mediante solicitude por instancia de parte ou ben de oficio por parte da propia administración.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome, domicilio fiscal, DNI-NIF-pasaporte, teléfono, documentación acreditativa de propiedade (escrituras de propiedade, documento de herdanza, etc...), datos bancarios.

E.- Cesión de datos que se prevén: Instituto Nacional de Estadística, Tribunais de Xustiza, Deputación da Coruña e outras Administracións Públicas, para fins estadísticos e de xestión tributaria e recadatoria, así como para facilitar a comunicación dos distintos órganos de cada Administración Pública cos veciños do Concello.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamento de tesourería e Recadación municipais.

H.- Medidas de seguridade: nivel medio.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

7.- FICHEIRO: ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Inscripción no Rexistro Municipal de Asociacións para poder optar a todas as bonificacións, axudas, subvencións, que lles poidan corresponder e sexan outorgadas polo Concello.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Ás asociacións nos termos do artigo 22 da C.E. con fins diversos, culturais, deportes, ANPAS, etc...

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Mediante solicitude dos interesados.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Denominación, CIF, domicilio, teléfono, estatutos que inclúen: finalidade, membros da asociación, normativa reguladora, datos económicos.

E.- Cesión de datos que se prevén: Instituto Nacional de Estadística, Tribunais de Xustiza, outras Administracións Públicas, para fins estadísticos así como facilitar a comunicación dos distintos órganos de cada Administración Pública cos veciños do Concello.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamento de Administración Xeral.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

8.- FICHEIRO: REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Regulación da concesión e renovación de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Datos dos donos dos animais potencialmente perigosos e datos dos animais.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: A través do dono do animal, aportando os documentos necesarios para a súa inscrición (chip, psicotécnico, etc...)

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Código do animal, nome do animal, raza, sexo, data de nacemento, data de alta no rexistro, enderezo, número de licenza, DNI do dono, data de baixa e causa da baixa.

E.- Cesión de datos que se prevén: Os necesarios para a xestión interna do Concello.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamento da Policía municipal.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

9.- FICHEIRO: REXISTRO DE ENTRADA E SAÍDA DE DOCUMENTACIÓN. PORTELO ÚNICO.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Recollida de datos dos documentos presentados no rexistro xeral de documentación do Concello.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Aos particulares, empresas, partidos políticos e outros que presentan documentación no rexistro xeral do Concello.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Mediante escrito, e de maneira oral achegándose ao concello, os datos quedan recollidos nos libros de entrada e saída de documentación.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome, apelidos, asunto, dirección, data.

E.- Cesión de datos que se prevén: Uso interno.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamento municipal de Administración Xeral.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

10.- FICHEIRO: REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Ter un rexistro das unións non matrimoniais de convivencia entre parellas do Concello.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: As parellas que viven conxuntamente no Concello.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: A través dos integrantes da parella, de forma escrita e dos documentos que aportan (DNI, certificado padrón).

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome e apelidos, DNI, domicilio, manifestacións que a parella queira facer constar.

E.- Cesión de datos que se prevén: Rexistro de parellas de feito de Galicia.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamento municipal de Administración Xeral.

H.- Medidas de seguridade: nivel medio.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

11.- FICHEIRO: USUARIOS DAS ACTIVIDADES DE OCIO, CULTURA, DEPORTES, FORMACIÓN E OUTROS.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Inscripción e rexistro de participantes nas actividades promovidas polos Departamentos de cultura, deportes, formación e xuventude do Concello.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Nenos, mozos e adultos que se inscriben nas distintas actividades promovidas polos Departamentos de cultura, deportes, formación e xuventude.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: A través do propio persoal dos distintos departamentos, mediante formularios feitos a tal modo para cada actividade ou mediante inscrición directa na web www.pontedeume.es

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome, data de nacemento, DNI, enderezo, teléfono, e-mail, datos do representant legal

E.- Cesión de datos que se prevén: Uso interno do persoal de Deportes, Cultutura, Biblioteca, Fomración, Xuventude e á empresa contratada para a impartición das actividades e/ou ao personal docente ou monitores de cada actividade.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamentos de cultura, deportes, formación e xuventude.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

12.- FICHEIRO: USUARIOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Recollida de datos dos usuarios da Escola Infantil Municipal.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Familias empadroadas neste concello, con nenos cunha idade comprendida entre os 3 meses e os tres anos, usuarios da Escola Infantil Municipal.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Declaración dos interesados ou representantes legais mediante formularios en soporte papel.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: 1.- Datos identificativos do neno: Nome, apelidos, data de nacemento, nº de tarxeta sanitaria, discapacidade, vacinas, foto, lugar, parroquia, número. 2.- Unidade familiar: nome, apelidos, DNI, teléfono, lugar, parroquia, número, discapacidade, ocupación, estado civil, ingresos recibidos, rendas, subsidios, nº de conta para domiciliación bancaria de contas. 3.- Horario de utilización día, servizo de comedor.

E.- Cesión de datos que se prevén: Xuices e tribunais e Consellería competente na materia de servizos sociais.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Servizos Sociais.

H.- Medidas de seguridade: nivel medio.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

13.- FICHEIRO: ACTIVIDADES DE FOMENTO. SUBVENCÍONS

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: administarción e xestión das convocatorias de subvencións. Expedientes de subvencións nominativas e de libre concorrencia.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Persoas físicas ou representantes e contactos de eprsoas xurídicas de actividades de fomento promovidas polos distintos departamentos municipais.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: A través do propio persoal dos distintos departamentos, mediante formularios feitos a tal modo para cada convocatoria de subvención ou premio; ou mediante inscrición directa na web www.pontedeume.es

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome, data de nacemento, DNI, enderezo, teléfono, e-mail, datos do representante; datos economico-financieiros; nº de conta; ingresos, gastos, situación tributaria.

E.- Cesión de datos que se prevén: Uso interno do persoal de Deportes, Cultura, Servizos Sociais.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamentos de Intervención municipal.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

14.- FICHEIRO: REXISTRO DE DATOS RECOLLIDOS NAS PÁXINAS WEB.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: A finalidade do ficheiro é recoller os datos dos usuarios que utilizan as distintas páxinas do Concello.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Aos usuarios dos cursos de formación que desexen facer a inscrición a través da web, usuarios que publican comentarios nas novas que o Concello colga na web, datos de veciños que fan pagamentos ao Concello a través da plataforma e datos das asociacións e empresas do Concello.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: A través da web cubrindo formularios que recollen os datos nunha base de datos.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome, apelidos, DNI ou outro documento, enderezo, código postal, localidade, provincia, país, teléfono, fax, correo electrónico e outras observacións.

E.- Cesión de datos que se prevén: Persoal docente dos cursos de informática e outros cursos e funcionarios municipais que precisen deles con fins estatísticos.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Servizo de informática

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

15.- FICHEIRO: POLICÍA LOCAL

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: O ficheiro de rexistro de competencias da policía local serve para ter un control sobre as persoas que son requeridas para a súa identificación por distintos motivos, así como datos de vehículos e enderezos.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Ás persoas identificadas, denunciadas por entrega de cédulas de citación, informes de convivencia, presentación de denuncias, averiguación de domicilio e outros casos nos que sexa necesaria a actuación dos axentes da policía municipal.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Os datos son recollidos mediante os formularios oficiais da Policía Municipal de Pontedeume.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome, apelidos, idade, data de nacemento, enderezo, tempo que levan empadroados, datos dos vehículos: matrícula, modelo, cor, póliza de seguro.

E.- Cesión de datos que se prevén: Resto de forzas e corpos de seguridade do Concello e comarca, Xulgados e outras Administracións Públicas para o exercicio das súas competencias propias ou delegadas polo Concello.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Policía Local.

H.- Medidas de seguridade: nivel medio.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

16.- FICHEIRO: URBANISMO

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Rexistro de solicitudes de licenzas urbanísticas de todo tipo, actividades, denuncias, expedientes de reposición da legalidade urbanística e outros.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: A persoas particulares, empresas ou entidades e asociacións que pretendan facer obras ou calquera outro uso do solo ou desenvolver a súa actividade dentro do ámbito do Concello de Pontedeume.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: A través das solicitudes presentadas no rexistro de documentación do Concello.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome, apelidos, razón social, DNI ou NIF, enderezo e datos da obra ou uso solicitado.

E.- Cesión de datos que se prevén: Persoal do Concello e persoal doutras administracións públicas con fins estatísticos.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamento de Urbanismo.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

17.- FICHEIRO: REXISTRO DE USUARIOS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Recolle o funcionamento do servizo de empréstito a domicilio da Biblioteca Municipal Pública. O material prestado relacionase co usuario que o leva para a súa casa.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Datos dos usuarios- socios da Biblioteca Municipal.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Persoalmente, o usuario-socio comunicaos ao técnico de bibliotecas oralmente.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome, enderezo, teléfono, DNI ou CIF, data de nacemento, sexo.

E.- Cesión de datos que se prevén: Non se prevén.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Biblioteca Municipal.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

18.- FICHEIRO: REXISTRO DE DATOS DOS EXPEDIENTES DE SERVIZOS SOCIAIS.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Arquivo histórico de Servizos Sociais do Concello, atención ao cidadán, outros rexistros administrativos.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: usuarios de servizos sociais.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: declaración dos interesados ou representantes legais mediante formularios e en soporte papel. Entrevistas.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome e apelidos, idade, enderezo, teléfono, DNI, estado civil, nivel de estudos, situación laboral, enfermidades, valoración social e necesidades detectadas, nº de conta bancaria, intervención familiar, documentos persoais do interesado, citas rexistradas.

E.- Cesión de datos que se prevén: A partir destes datos elabóranse informes sociais que poden ser enviados a Xuíces e Tribunais e Consellerías competentes en materia de servizos sociais.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Servizos Sociais.

H.- Medidas de seguridade: nivel alto.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

19.- FICHEIRO: REXISTRO DE ACTAS.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Xestión das actas dictadas no Concello, Procedemento administrativo.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Cidadáns e residentes.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Propio interesado ou o seu representante legal.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome e apelidos, DNI, dirección, teléfono, sinatura.

E.- Cesión de datos que se prevén: Outros órganos da Administración do Estado, Comunidade Autónoma, Deputación Provincial.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamento municipal de Administración Xeral.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

20.-FICHEIRO: REXISTRO DE INTERESES

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Cumprimento do disposto no artigo 75 da LBRL. Usos: Rexistro de causas de posible incompatibilidade e de actividades. Declaracións de bens patrimoniais. Xestión das actas dictadas no Concello, Procedemento administrativo.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Concelleiros electos

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Propio interesado mediante declaración formalizada.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: datos identificativos; nome, apelidos, DNI, domicilio, tf., sinatura, datos de propiedades, bens; datos económico-financieros; datos profesionais.

E.- Cesión de datos que se prevén: Non se prevén.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamento municipal de Administración Xeral.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Manual.

21.- FICHEIRO: REXISTRO DE CONTRATACIÓN.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Xestión das contratacións.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Proveedores, cidadáns e residentes.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Declaración do propio interesado ou o seu representante legal.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipos de datos incluídos nel: Nome e apelidos, DNI ou CIF, dirección, teléfono, sinatura, detalles de emprego, económicos, financeiros e de seguros.

E.- Cesión de datos que se prevén: Facenda Pública e Administración Tributaria.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamento municipal de Administración Xeral.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

22.- FICHEIRO: REXISTRO DE USUARIOS DAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS.

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Inscripción e rexistro de participantes nas actividades promovidas polo Departamento de Servizos Sociais. Talleres.

B.- A quen se refiren os datos contidos no ficheiro: Nenos, mozos e adultos que se inscriben nas distintas actividades promovidas polo Departamento de Servizos Sociais.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: A través do propio persoal do departamento, mediante formularios feitos a tal modo para cada actividades ou mediante inscrición directa nunha base de datos creada para tal fin.

D.- Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos incluídos nel: Nome, data de nacemento, D.N.I., enderezo, teléfono, e-mail.

E.- Cesión de datos que se prevén: Uso interno do personal do Departamento de Servizos Sociais e ao persoal docente ou monitores de cada actividade.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Departamento de Servizos Sociais.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto

23.- FICHEIRO: AXENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICO

A. Finalidade e usos previstos do ficheiro: Xestionar os datos dos axentes de promoción económica que prestan servizo no Concello de Pontedeume, co fin de poder ser identificables polos usuarios aos que dirixen as súas accións.

B. Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos: Axentes de emprego contratados polo Concello.

C. Procedemento de recollida de datos: Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a traballador/a, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

D. Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos: Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, e - mail).

E. Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros: Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, ao C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia). Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia. Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

F. Órgano responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G. Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto

24.- FICHEIRO. Participantes en accións de promoción do emprego

A. Finalidade e usos previstos do ficheiro: Xestionar os datos das persoas asesoradas ou participantes en actividades de formación e apoio a emprendedores, empresarios e persoas en busca de emprego.

B. Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos: Emprendedores, empresarios, persoas en busca de emprego, ou que queiran participantes en actividades de formación.

C. Procedemento de recollida de datos: Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa asesorada ou participante en actividades, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

D. Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos: Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, fax e. e - mail); datos do proxecto de creación de empresa (Nome do proxecto, tipo, descrición, estado, data de inicio e fin).

E. Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros: Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, a C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia). Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

F. Órgano responsable do ficheiro: Alcaldía de Pontedeume.

G. Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto

ANEXO II

DEBER DE INFORMACIÓN

Co obxecto de dar cumprimento o artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o deber de información contido neste apartado deberá aplicarse a todos os documentos oficias e soportes utilizados polo Concello de Pontedeume a través dos que se realice calquera tratamento de datos de carácter persoal.

O mencionado artigo 5 da LOPD, establece que o titular dos datos de carácter persoal debe ser informado con carácter previo a recollida dos datos dos seguintes aspectos:

- Existencia do ficheiro.
- Identidade do responsable e carácter obrigatorio ou facultativo das súas respostas.
- Dereitos que confire a LOPD.
- Dirección ante a que exercer o consentimento en caso de que os seus datos vaian a ser cedidos a terceiras organizacións.

Para o cumprimento do indicado, a entidade municipal incorpora cláusulas de información nos soportes de recollida de datos de carácter persoal e correo electrónico, segundo os seguintes contidos:

Fórmula xenérica:

De conformidade co disposto no artigo 5.1. da LOPD 15/1999 do 13 de decembro, os datos persoais facilitados serán incorporados a un ficheiro de titularidade pública, do que é responsable o Concello de Pontedeume, coa finalidade de aplicarlos ás actividades relacionadas coas súas competencias segundo se especifica no Regulamento municipal de protección de datos de carácter persoal.

En relación cos seus datos persoais, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na LOPD 15/199 e no RD 1720/2007, dirixíndose ao Concello de Pontedeume (Rúa Real nº13. 15600 Pontedeume - A Coruña).

Os datos facilitados poderán ser comunicados a terceiros dentro dos fins directamente relacionados que poden ser consultados na disposición de creación do ficheiro.

Correos electrónicos: no caso de correos electrónicos remitidos desde o Concello, introducirase, de xeito automatizado, a fórmula seguinte:

Os datos persoais que poidan intercambiarse neste correo electrónico, incorporaranse a un ficheiro do que é responsable o Concello de Pontedeume, coa finalidade de atender ás consultas realizadas. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dirixíndose ó Concello de Pontedeume, en Rúa Real nº13. 15600 Pontedeume - A Coruña.

NOTA.– Conforme a LOPD 15/1999 a posible información relacionada con datos de carácter persoal que puidera conter esta comunicación, non será utilizada para fins que non sexan estritamente necesarios para o cumprimento do seu cometido, engadindo ademais a absoluta confidencialidade e exclusividade, quedando prohibida a calquera persoa a súa revelación, copia, distribución ou o exercicio de calquera acción relativa o seu contido. Se recibe este e-mail erroneamente, prégase que o elimine de todos os seus arquivos. Conforme a Lei 34/2002, de servizos da Sociedade da Información e Comercio Electrónico, si non desexa recibir máis información deberá devolver este correo co asunto “BAIXA”.

Pontedeume, 3 de xuño de 2013

O alcalde

Gabriel Torrente Piñeiro

2013/7257